



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Referencia: DP0031/2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0031: SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMIENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O 2025

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia 17192 do 10 de abril de 2025, que foi publicada no BOP do 15 de abril de 2025, concedéronse de forma provisional as subvencións da convocatoria **DP0031: PROGRAMA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMIENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O 2025**, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tácitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións e cambios de obxecto correspondentes ao Programa **DP0031: PROGRAMA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMIENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O 2025**, ás entidades se ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOC. REDES DE SAL NIF: G70549118 Cod. Exp.: 2025000002105 Obxecto: ACTIVIDADES (6) DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO FESTIVAL MAR DE MARES 2025	25.000,00€	0,7802	32.044,24€
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA NIF: G70175401 Cod. Exp.: 2025000001855 Obxecto: ESPIAS NO BOSQUE	9.840,00€	0,8000	12.300,00€
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL Y MEDIO AMBIENTAL PARA ESTUDIO DE LA BIODIVERSIDAD "GEAS" NIF: G15889058 Cod. Exp.: 2025000001704 Obxecto: PROXECTO REGAM: Rede Galega de seguimento Ambiental. Actividades de SECAME, SEMICE, Rede SEMUR, Noite dos morcegos, Custodia do Territorio e MOMAT.	3.015,84€	0,6900	4.370,78€
Beneficiario: ASOCIACION DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS NIF: G70180807 Cod. Exp.: 2025000002005 Obxecto: ACTIVIDADES DE MELLORA E DIFUSIÓN AMBIENTAL NO TERRITORIO DA RESERVA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO	11.476,20€	0,8000	14.345,29€
Beneficiario: ASOCIACION DOS RIOS DE CEDEIRA-ARCE NIF: G70521745 Cod. Exp.: 2025000001178 Obxecto: PROXECTO "MANTEMENTO E AMPLIACIÓN DA SENDA PEATONAL DO RÍO CONDOMIÑAS E RECUPERACIÓN DO BOSQUE DE RIBEIRA"	3.615,79€	0,8000	4.519,74€
Beneficiario: ASOCIACION FRAGAS DO ORTEGAL NIF: G16791709 Cod. Exp.: 2025000002067 Obxecto: RECUPERACIÓN DO BOSQUE AUTÓCTONO DA FRAGA DO FAROLEIRO E PROMOVER E DIVULGAR O COÑECEMENTO DO BOSQUE ATLANTICO E DOS ENDEMISMOS EXCLUSIVOS DA COMARCA DO ORTEGAL	2.032,06€	0,7999	2.540,39€
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NIF: G27392703 Cod. Exp.: 2025000001946 Obxecto: Proxecto para a xestión e divulgación das microrreservas de rochas ultrabásicas da provincia da Coruña	12.968,00€	0,8000	16.210,00€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION HABITAMOS NIF: G10530939 Cod. Exp.: 2025000001819 Obxecto: O cambio climático non é un conto. Proposta de formación para a infancia ante a emerxencia e os retos ambientais	13.921,60€	0,7959	17.491,64€
Beneficiario: ASOCIACION LIMPOCEAN NIF: G67885079 Cod. Exp.: 2025000001123 Obxecto: Proxecto A Costa Coruña limpa de plásticos	15.480,00€	0,6279	24.653,61€
Beneficiario: ASOCIACION MAR DE FABULA NIF: G70417803 Cod. Exp.: 2025000000895 Obxecto: ACTIVIDADES DE MAR DE FÁBULA NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE ANO 2025	11.250,28€	0,8000	14.062,86€
Beneficiario: ASOCIACION MEDIOAMBIENTAL AMABUL NIF: G15925209 Cod. Exp.: 2025000000544 Obxecto: AULA AMBIENTAL ULLA+25	25.000,00€	0,7864	31.790,00€
Beneficiario: ASOCIACION MICOLOXICA CORUÑESA NIF: G70588652 Cod. Exp.: 2025000002143 Obxecto: REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE BÚSQUEDA, ANÁLISIS ESTUDO E IDENTIFICACIÓN DE COGUMELOS E DA NATUREZA EN XERAL	2.417,60€	0,8000	3.022,00€
Beneficiario: ASOCIACION NEBOA MEDIO AMBIENTE NIF: G15548878 Cod. Exp.: 2025000000695 Obxecto: Néboa Medio Ambiente: Escola de Natureza	3.280,00€	0,8000	4.100,00€
Beneficiario: ASOCIACION PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLANTICO BETULA NIF: G70370622 Cod. Exp.: 2025000000693 Obxecto: Recuperación do bosque atlántico e restauración ambiental de montes degradados	7.862,32€	0,8000	9.827,91€
Beneficiario: ASOCIACION VENTO NOSO NIF: G70081609 Cod. Exp.: 2025000001429 Obxecto: Mellora da calidade da auga en zonas rurais a través de prácticas sostibles	21.403,90€	0,6990	30.620,74€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION VERDEGAIA NIF: G70060363 Cod. Exp.: 2025000001524 Obxecto: Brigadas deseucaliptizadoras 2025.Actividades de defensa, educación e divulgación ambiental co obxecto de protexer e preservar o medio natural na Galiza	3.840,00€	0,8000	4.800,00€
Beneficiario: COORDINADORA PARA O ESTUDIO MAMIFEROS MARIÑOS NIF: G15400500 Cod. Exp.: 2025000001240 Obxecto: FORMACIÓN E DIVULGACIÓN SOBRE ASISTENCIA E ESTUDO OS MAMÍFEROS MARIÑOS 2025	8.633,92€	0,7500	11.511,89€
Beneficiario: FEDERACION ECOLOXISTA GALEGA.ASEMBLEA DE GRUPOS ECOLOXISTAS E NATURALISTAS DE GALIZA NIF: G27159433 Cod. Exp.: 2025000001950 Obxecto: Recuperación da memoria do movemento ecoloxista galego. Segunda parte.	6.297,60€	0,8000	7.872,00€
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE NIF: G70138565 Cod. Exp.: 2025000001763 Obxecto: O potencial das novas tecnoloxías na xestión medioambiental na provincia da Coruña	21.093,32€	0,6990	30.176,43€
Beneficiario: FUNDACION ENXEÑERÍA AGRONOMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA NIF: G02908051 Cod. Exp.: 2025000001851 Obxecto: Estudo do Ciclo de Vida do Carbono, mitigación dos seus efectos e actividades de compensación na agroindustria.	12.120,96€	0,8000	15.151,20€
Beneficiario: FUNDACION FRAGAS DO MANDEO NIF: G70258645 Cod. Exp.: 2025000001931 Obxecto: Programa de custodia do territorio 2025 (actividade)	22.500,00€	0,8000	28.125,00€
Beneficiario: FUNDACION JUANA DE VEGA NIF: G15050602 Cod. Exp.: 2025000001815 Obxecto: XORNADAS PAISAXES LITORAIS CONSILIENTES	22.779,20€	0,8000	28.474,00€
Beneficiario: HABITAT GRUPO NATURALISTA NIF: G15039126 Cod. Exp.: 2025000001532 Obxecto: PROGRAMA DE ACCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS 2025	25.000,00€	0,7966	31.382,42€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: MORCEGOS DE GALICIA NIF: G27316603 Cod. Exp.: 2025000001987 Obxecto: Os morcegos e a rede Natura 2000 na provincia da Coruña	13.933,60€	0,8000	17.417,00€
Beneficiario: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL NIF: G15037211 Cod. Exp.: 2025000002202 Obxecto: Actividades de estudo de flora e fauna, divulgación e conservación ambiental	4.834,40€	0,8000	6.043,00€
Beneficiario: SURF AND CLEAN NIF: G87001129 Cod. Exp.: 2025000001477 Obxecto: "Defende o mar a través do Surfing" Proxecto adicado a transmitir a importancia do mar e o medio mariño nas nosas vidas e a ensinar a defendelo. Traballa cos escolares da provincia da Coruña. É parte dun proxecto maior "Aprende a traves do surfing"	25.000,00€	0,8000	31.250,00€
Beneficiario: VIRATEC-CLUSTER GALEGO DE SOLUCIONS AMBIENTAIS E ECONOMIA CIRCULAR NIF: G02881563 Cod. Exp.: 2025000001846 Obxecto: Estudiar as posibilidades da simbiose industrial e difundir as súas oportunidades	18.000,00€	0,8000	22.499,99€

Número de solicitudes concedidas: 27
Total concedido 352.596,59€

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/17221/481, fase A, referencia número 22025003258, operación número 220250014374, importe: 352.596,59 €.

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Cuarto.- No cumprimento das obrigas contables establecidas no apartado f) do artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvención e consonte ao previsto no artigo 6.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 185, do 25 de setembro de 2024) a entidade beneficiaria deberá incorporar necesariamente á Memoria da Conta xeral do exercicio un estado demostrativo de todos os gastos realizados e dos ingresos obtidos especificamente para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada, sexan de carácter público ou

privado. Dita Memoria, xuntamente cos demais estados contables, deberá recibir a aprobación da asemblea ou órgano similar de representación.

Quinto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa **DP0031: SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O 2025**, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESAS DE GUIAS DE NATUREZA E EDUCACION AMBIENTAL NIF: G02951382 Cod. Exp.: 2025000001908 Obxecto: Solicitude axudas para Proxecto "+H2O - CO2 Da braña á seba" de divulgación e sensibilización en colexios da provincia da Coruña centrado no cambio climático e o ciclo da auga en tres hábitats: brañas e turbeiras, bosques de ribeira e zosterais.	Art. 5.2 Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña: tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar con un mínimo de 25 socios de pleno dereito.
Beneficiario: VIRATEC-CLUSTER GALEGO DE SOLUCIONS AMBIENTAIS E ECONOMIA CIRCULAR NIF: G02881563 Cod. Exp.: 2025000001838 Obxecto: CONVERSAS COMARCAIS SOBRE CIRCULARIDADE	Base 6.1 das bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación provincial da Coruña. No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Número de solicitudes descartadas: 2

Sexto.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.